



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE COMERCIO EXTERIOR

Maio 2023

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.gal>

1.- PRINCIPAIS RESULTADOS

A taxa interanual das exportacións galegas en maio de 2023 é do 4,8 %, mentres que no conxunto do estado é do -3,1 %.

As exportacións de "Vehículos automóbiles; tractores" son as que teñen unha maior repercusión positiva na variación interanual.

As importacións diminúen un 20,2% con respecto a maio do ano pasado, debido fundamentalmente á diminución nas importacións de "Combustibles, aceites minerais" e "Vehículos automóbiles; tractores". En España as importacións diminúen un 6,9%.

Táboa 1.- PRINCIPAIS MAGNITUDES. AVANCE DE DATOS

Período	Exportacións/Expedicións		Importacións/Introducións		Saldo ⁽¹⁾	Taxa de cobertura (%) ⁽²⁾
	Miles de euros	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	
GALICIA						
Maio 2023	2.635.893	4,8	1.772.265	-20,2	863.627	148,7
Xaneiro-Maio 2023	12.312.526	6,1	8.714.842	-16,0	3.597.684	141,3
ESPAÑA						
Maio 2023	33.942.407	-3,1	37.053.847	-6,9	-3.111.440	91,6
Xaneiro-Maio 2023	165.968.708	6,4	180.033.866	-1,4	-14.065.159	92,2

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Saldo = exportacións - importacións

(2) Taxa de cobertura = exportacións/importacións x 100

2.- DATOS POR PRODUCTOS


Exportacións

En maio de 2023, as exportacións aumentan un 4,8 % con respecto ao mesmo mes de 2022. Os produtos con maior influencia positiva nas exportacións de maio foron os "Vehículos automóbiles; tractores", que cun peso de 32,9% sobre o total das exportacións galegas e unha taxa de variación do 86,7% repercuten en 16 puntos. Ademais do anterior, os seguintes produtos que tiveron maior repercusión sobre as exportacións foron as "Conservas de carne ou pescado" cunha achega de 0,6 puntos e "Pescados, crustáceos, moluscos" cunha achega de 0,2 puntos. Os "Combustibles, aceites minerais" foron os produtos cunha achega máis negativa: -3,9 puntos.

Dende xaneiro a maio, os produtos que inflúen máis positivamente no comportamento das exportacións son os "Vehículos automóbiles; tractores" (7,8 puntos), as "Máquinas e aparellos mecánicos" (1,2 puntos) e as "Prendas de vestir, non de punto" (0,7 puntos). As influencias máis negativas corresponden ás exportacións de "Combustibles, aceites minerais" (-4,2 puntos).

Gráfico 1. Exportacións

Principais achegas á taxa do total en %




Importacións

En maio de 2023, as importacións diminúen un 20,2 % con respecto ao mesmo mes de 2022. Os produtos con maior influencia negativa nas importacións de maio foron "Combustibles, aceites minerais", que cun peso de 13,3% sobre o total das importacións galegas e unha taxa de variación do -50,2% repercuten en -10,7 puntos. Ademais do anterior, os seguintes produtos que tiveron maior repercusión sobre as importacións foron os "Vehículos automóbiles; tractores" cunha achega de -8,3 puntos.

No que vai de ano, "Vehículos automóbiles; tractores" son os produtos cunha maior achega negativa (-10,8 puntos), mentres que "Aparellos e material eléctrico" son os que contribúen máis positivamente (2,1 puntos).

Gráfico 2. Importacións

Principais achegas á taxa do total en %



3.- DATOS POR ZONAS XEOGRÁFICAS

En maio, as expedicións dirixidas á UE-27 (70,6% do total) presentan unha taxa de variación interanual do -0,7%. Aumentan as vendas cara países tan relevantes nas nosas exportacións coma Bélxica (61,8%) e Portugal (8,7%), mentres que baixan as exportacións a Países Baixos (-52%). No caso das introducións procedentes da UE-27, que neste mes de maio representan o 42% do total, prodúcese unha diminución do -29,7% respecto ao mesmo mes do ano 2022, debido fundamentalmente á diminución das nosas compras a Francia (-66,1%).

Con respecto ao resto de países e no referente ás exportacións, destaca a diminución, con respecto ao mesmo mes do ano anterior, das dirixidas cara Estados Unidos e Marrocos e o aumento das que teñen destino Turquía. No concernente ás importacións, destaca a diminución das que teñen orixe nos Estados Unidos e o crecemento, con respecto ao mesmo mes do ano anterior, das procedentes de China .

COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. MAIO 2023. AVANCE DE DATOS						
Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
TOTAL	2.635.893	100,0	4,8	1.772.265	100,0	-20,2
EUROPA	2.174.030	82,5	6,4	922.021	52,0	-21,2
UE27	1.861.155	70,6	-0,7	744.305	42,0	-29,7
Zona Euro	1.611.566	61,1	-0,8	658.710	37,2	-31,9
Alemaña	170.219	6,5	-6,0	67.985	3,8	10,5
Bélxica	108.378	4,1	61,8	28.679	1,6	18,3
Francia	439.621	16,7	1,3	142.316	8,0	-66,1
Grecia	49.122	1,9	0,4	842	0,0	-35,1
Irlanda	31.635	1,2	30,5	4.727	0,3	-33,1
Italia	248.309	9,4	1,8	57.261	3,2	-24,7
Países Baixos	89.695	3,4	-52,0	46.307	2,6	-59,4
Portugal	386.836	14,7	8,7	259.474	14,6	13,9
Eslovaquia	19.371	0,7	30,7	28.744	1,6	134,5
Resto UE27	236.150	9,0	-0,3	70.978	4,0	-13,6
Suecia	19.065	0,7	-32,5	38.302	2,2	22,3
Polonia	149.581,1	5,7	4,0	12.914,1	0,7	-10,2
RESTO DE EUROPA	312.875	11,9	84,5	177.716	10,0	60,0
Reino Unido	127.192	4,8	32,0	42.522	2,4	63,2
Turquía	141.614	5,4	394,9	62.810	3,5	1,0
Rusia	1.271	0,0	-80,0	39.161	2,2	542,9
AMÉRICA	226.754	8,6	6,2	227.861	12,9	-37,2
AMÉRICA DO NORTE	90.328	3,4	-25,7	40.157	2,3	-72,8
Estados Unidos	81.159	3,1	-25,1	20.703	1,2	-84,0
AMÉRICA LATINA	135.110	5,1	47,9	165.024	9,3	-7,2
México	58.006	2,2	119,5	30.419	1,7	-58,8
Arxentina	10.671	0,4	132,6	41.896	2,4	33,7
Ecuador	6.500	0,2	149,4	32.456	1,8	14,5
ASIA	108.397	4,1	-4,2	329.483	18,6	-5,9
Oriente Medio	35.635	1,4	-8,0	13.951	0,8	-83,2
China	26.868	1,0	47,5	190.431	10,7	43,8
Bangladesh	158	0,0	89,8	33.504	1,9	0,9
India	1.716	0,1	-39,2	21.797	1,2	-50,9
Corea do Sur	5.675	0,2	-42,6	21.403	1,2	165,9
ÁFRICA	116.994	4,4	-12,1	283.433	16,0	-14,1
Libia	605	0,0	23,7	86.135	4,9	35,8
Marrocos	83.213	3,2	-21,9	102.638	5,8	26,9
Namibia	1.203	0,0	-35,4	33.364	1,9	65,8
Sudáfrica	2.959	0,1	4,0	17.996	1,0	64,1

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

Os datos de Reino Unido inclúen os correspondentes a Irlanda do Norte

4.- INFORMACIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS


O peso de Galicia no conxunto de España, en maio de 2023, ascende ao 7,8% no total de exportacións e ao 4,8% no total de importacións.

A diminución das exportacións en España no mes de maio de 2023 (-3,1%) vén explicado pola evolución negativa de case todas as comunidades autónomas, especialmente Comunitat Valenciana, Andalucía e País Vasco que suman entre as tres -4,1 puntos á taxa de variación das exportacións. Cataluña é a comunidade cunha maior achega positiva ás exportacións (1,2 puntos).

En canto ás importacións, a diminución do 6,9% no conxunto do Estado tamén vén provocado polas baixadas rexistradas na maior parte das comunidades autónomas, sobre todo as producidas en Madrid , Murcia, Andalucía e Galicia que restan en conxunto 7,5 puntos á taxa de variación das importacións. Aragón é a comunidade cunha maior achega positiva ás exportacións (0,9 puntos).

Gráfico 3. Comercio exterior por comunidades autónomas

Maio 2023. Principais achegas á taxa do total en %




No total deste ano 2023, as exportacións en España presentan unha taxa de variación do 6,4%. Atopamos taxas positivas en todas as comunidades autónomas agás Andalucía, Canarias e Navarra, sendo as achegas máis altas as correspondentes a Cataluña e Madrid, que suman entre as dúas 4,9 puntos á taxa final. A nosa comunidade, neste ano 2023, amosa unha taxa de variación do 6,1%, cun peso do 7,4% sobre o total e unha achega de 0,5 puntos á taxa nacional.

No caso das importacións españolas rexístrase un decrecemento do -1,4%, sendo Madrid a comunidade cunha achega máis negativa (-2,1 puntos). Destaca o comportamento de Cataluña e Aragón, que suman entre as dúas 2,4 puntos á taxa final. A comunidade galega


presenta unha variación acumulada do -16%, cun peso do 4,8% sobre o total das importacións nacionais e unha achega de -0,9 puntos á taxa total.

Gráfico 4. Comercio exterior por comunidades autónomas
Xaneiro-Maio 2023. Principais achegas á taxa do total en %



5.- EVOLUCIÓN DO COMERCIO EXTERIOR EN GALICIA

Gráfico 5. Taxas de variación anual (%)
Ciclo tendencia



COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/Destino XEOGRÁFICO. MAIO 2023. AVANCE DE DATOS

Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
TOTAL	2.635.893	100,0	4,8	1.772.265	100,0	-20,2
EUROPA	2.174.030	82,5	6,4	922.021	52,0	-21,2
UE27 ⁽¹⁾	1.861.155	70,6	-0,7	744.305	42,0	-29,7
Zona Euro	1.611.566	61,1	-0,8	658.710	37,2	-31,9
Alemaña	170.219	6,5	-6,0	67.985	3,8	10,5
Austria	10.043	0,4	-10,0	6.268	0,4	-21,5
Bélxica	108.378	4,1	61,8	28.679	1,6	18,3
Finlandia	6.917	0,3	-13,4	4.421	0,2	-15,2
Francia	439.621	16,7	1,3	142.316	8,0	-66,1
Grecia	49.122	1,9	0,4	842	0,0	-35,1
Irlanda	31.635	1,2	30,5	4.727	0,3	-33,1
Italia	248.309	9,4	1,8	57.261	3,2	-24,7
Luxemburgo	3.938	0,1	-14,8	3.303	0,2	14,1
Países Baixos	89.695	3,4	-52,0	46.307	2,6	-59,4
Portugal	386.836	14,7	8,7	259.474	14,6	13,9
Chipre	6.578	0,2	5,9	0	0,0	-100,0
Eslovaquia	19.371	0,7	30,7	28.744	1,6	134,5
Eslovenia	7.159	0,3	16,2	3.197	0,2	156,5
Estonia	4.939	0,2	-37,4	75	0,0	-48,9
Letonia	1.847	0,1	7,7	361	0,0	-76,4
Lituania	4.882	0,2	13,3	2.166	0,1	2,1
Malta	5.135	0,2	45,1	119	0,0	3.386,1
Croacia	16.942	0,6	23,0	2.464	0,1	27,3
Resto UE27	236.150	9,0	-0,3	70.978	4,0	-13,6
Dinamarca	10.035	0,4	-15,4	5.192	0,3	25,1
Suecia	19.065	0,7	-32,5	38.302	2,2	22,3
Hungría	8.256,2	0,3	-9,9	510,7	0,0	-56,5
Polonia	149.581,1	5,7	4,0	12.914,1	0,7	-10,2
República Checa	15.004,2	0,6	19,1	5.704,3	0,3	-5,2
Bulgaria	7.910,7	0,3	34,3	2.773,8	0,2	4,8
Romanía	26.297,1	1,0	3,2	5.580,7	0,3	-75,1
RESTO DE EUROPA	312.875	11,9	84,5	177.716	10,0	60,0
Reino Unido	127.192	4,8	32,0	42.522	2,4	63,2
Turquía	141.614	5,4	394,9	62.810	3,5	1,0
Rusia	1.271	0,0	-80,0	39.161	2,2	542,9
AMÉRICA	226.754	8,6	6,2	227.861	12,9	-37,2
AMÉRICA DO NORTE	90.328	3,4	-25,7	40.157	2,3	-72,8
Estados Unidos	81.159	3,1	-25,1	20.703	1,2	-84,0
AMÉRICA LATINA	135.110	5,1	47,9	165.024	9,3	-7,2
México	58.006	2,2	119,5	30.419	1,7	-58,8
Arxentina	10.671	0,4	132,6	41.896	2,4	33,7
Ecuador	6.500	0,2	149,4	32.456	1,8	14,5
Chile	23.713	0,9	23,8	16.969	1,0	44,1
ASIA	108.397	4,1	-4,2	329.483	18,6	-5,9
Oriente Medio	35.635	1,4	-8,0	13.951	0,8	-83,2
Xapón	16.221	0,6	11,2	2.505	0,1	-55,7
China	26.868	1,0	47,5	190.431	10,7	43,8
Indonesia	4.922	0,2	14,0	6.603	0,4	46,0
Bangladesh	158	0,0	89,8	33.504	1,9	0,9
India	1.716	0,1	-39,2	21.797	1,2	-50,9
Corea do Sur	5.675	0,2	-42,6	21.403	1,2	165,9
ÁFRICA	116.994	4,4	-12,1	283.433	16,0	-14,1
Libia	605	0,0	23,7	86.135	4,9	35,8
Marrocos	83.213	3,2	-21,9	102.638	5,8	26,9
Namibia	1.203	0,0	-35,4	33.364	1,9	65,8
Guinea	160	0,0	49,9	7.259	0,4	-60,7
Arxelia	11.914	0,5	139,5	94	0,0	-99,9
Nixeria	118	0,0	-41,2	0	0,0	
Sudáfrica	2.959	0,1	4,0	17.996	1,0	64,1
OCEANÍA	1.556	0,1	-54,0	9.465	0,5	-2,9
Australia	937	0,0	-62,1	255	0,0	167,0
OUTROS ⁽²⁾	8.162	0,3	5,2	2	0,0	-46,6

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

Os datos de Reino Unido inclúen os correspondentes a Irlanda do Norte

(1) O total da UE27 é maior que a suma dos EE.MM. porque inclúe, entre outras, as operacións de "avituallamento intracomunitario"

(2) Principalmente "avituallamento extracomunitario"

COMERCIO EXTERIOR POR ORIXE/DESTINO XEOGRÁFICO. XANEIRO-MAIO 2023. AVANCE DE DATOS

Zona/país	Exportacións/expedicións			Importacións/introducións		
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)
TOTAL	12.312.526	100,0	6,1	8.714.842	100,0	-16,0
EUROPA	10.040.546	81,5	6,5	4.377.596	50,2	-24,2
UE27 ⁽¹⁾	8.651.206	70,3	4,3	3.551.510	40,8	-30,3
Zona Euro	7.513.953	61,0	3,2	3.178.976	36,5	-32,4
Alemaña	780.562	6,3	20,2	330.696	3,8	4,6
Austria	51.386	0,4	8,4	35.745	0,4	-4,5
Bélxica	538.919	4,4	-2,5	125.409	1,4	-32,4
Finlandia	48.335	0,4	57,1	38.664	0,4	54,3
Francia	1.950.147	15,8	0,1	751.053	8,6	-64,4
Grecia	232.995	1,9	-24,5	14.838	0,2	5,6
Irlanda	129.090	1,0	10,2	19.551	0,2	-33,8
Italia	1.281.980	10,4	25,7	335.944	3,9	-5,7
Luxemburgo	18.268	0,1	-7,4	9.979	0,1	34,3
Países Baixos	437.383	3,6	-46,1	266.279	3,1	-21,0
Portugal	1.753.660	14,2	13,9	1.140.010	13,1	4,8
Chipre	41.529	0,3	57,1	57	0,0	-28,8
Eslovaquia	70.880	0,6	25,6	66.273	0,8	-29,7
Eslovenia	34.527	0,3	8,6	11.970	0,1	25,2
Estonia	17.477	0,1	-12,6	1.634	0,0	-37,2
Letonia	9.156	0,1	14,4	6.668	0,1	-49,9
Lituania	21.203	0,2	18,7	9.866	0,1	-85,1
Malta	25.803	0,2	71,8	2.197	0,0	27.063,8
Croacia	70.653	0,6	24,4	12.143	0,1	27,1
Resto UE27	1.020.041	8,3	8,9	315.216	3,6	-6,1
Dinamarca	44.641	0,4	-16,1	31.467	0,4	-27,8
Suecia	82.551	0,7	-14,8	138.062	1,6	-1,5
Hungría	44.792	0,4	5,1	3.995	0,0	-10,4
Polonia	630.568	5,1	13,6	65.246	0,7	-4,1
República Checa	58.428	0,5	2,2	23.504	0,3	-15,3
Bulgaria	31.955	0,3	31,3	26.666	0,3	119,2
Romanía	127.105	1,0	17,9	26.275	0,3	-33,7
RESTO DE EUROPA	1.389.340	11,3	22,0	826.087	9,5	21,2
Reino Unido	621.525	5,0	-15,5	172.194	2,0	5,1
Turquía	521.102	4,2	196,8	280.882	3,2	4,8
Rusia	35.595	0,3	21,9	150.285	1,7	51,6
AMÉRICA	931.499	7,6	7,8	1.196.840	13,7	-32,9
AMÉRICA DO NORTE	346.529	2,8	-12,3	350.696	4,0	-61,6
Estados Unidos	305.258	2,5	-13,0	322.768	3,7	-61,0
AMÉRICA LATINA	512.189	4,2	10,1	756.881	8,7	-1,5
México	182.576	1,5	36,5	195.502	2,2	-6,7
Arxentina	34.950	0,3	-17,5	189.061	2,2	1,5
Ecuador	26.486	0,2	39,8	111.340	1,3	-5,8
Chile	107.157	0,9	21,5	64.128	0,7	51,0
ASIA	582.366	4,7	1,7	1.812.025	20,8	16,6
Oriente Medio	211.522	1,7	-9,4	154.128	1,8	-5,4
Xapón	78.964	0,6	7,9	13.514	0,2	-44,9
China	112.567	0,9	21,9	1.044.119	12,0	39,8
Indonesia	12.285	0,1	-38,4	68.142	0,8	-13,0
Bangladesh	597	0,0	-23,2	153.930	1,8	10,8
India	21.031	0,2	51,4	88.895	1,0	-26,3
Corea do Sur	38.341	0,3	24,6	66.088	0,8	-37,0
ÁFRICA	693.180	5,6	2,6	1.292.753	14,8	6,7
Libia	3.012	0,0	-44,4	341.703	3,9	55,1
Marrocos	546.360	4,4	4,8	515.115	5,9	21,8
Namibia	6.041	0,0	-18,0	97.638	1,1	33,7
Guinea	602	0,0	31,6	40.810	0,5	-46,6
Arxelia	12.055	0,1	-50,8	197	0,0	-99,9
Nixeria	1.035	0,0	-35,5	19.233	0,2	-31,2
Sudáfrica	17.913	0,1	-17,0	76.562	0,9	43,8
OCEANÍA	17.056	0,1	-20,4	35.616	0,4	-23,5
Australia	14.797	0,1	-21,5	819	0,0	57,1
OUTROS ⁽²⁾	47.879	0,4	7,5	11	0,0	-24,3

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

Os datos de Reino Unido inclúen os correspondentes a Irlanda do Norte

(1) O total da UE27 é maior que a suma dos EE.MM porque inclúe, entre outras, as operacións de "avitallamento intracomunitario"

(2) Principalmente "avitallamento extracomunitario"

COMERCIO EXTERIOR POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. MAIO 2023. AVANCE DE DATOS

Comunidade Autónoma	Exportacións/Expedicións			Importacións/Introducións			Taxa de cobertura (%) ⁽¹⁾
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	
TOTAL	33.942.407	100,0	-3,1	37.053.847	100,0	-6,9	91,6
Andalucía	3.677.812	10,8	-10,9	3.520.788	9,5	-16,1	104,5
Aragón	1.476.289	4,3	0,9	1.634.731	4,4	26,4	90,3
Asturias (Principado de)	495.215	1,5	-19,1	577.803	1,6	-19,5	85,7
Balears (Illes)	184.190	0,5	-45,3	154.992	0,4	2,4	118,8
Canarias	174.410	0,5	-14,3	356.426	1,0	19,4	48,9
Cantabria	303.747	0,9	-13,7	228.916	0,6	-8,4	132,7
Castilla y León	1.565.792	4,6	14,6	1.407.001	3,8	22,8	111,3
Castilla-La Mancha	874.618	2,6	-2,9	1.294.491	3,5	7,1	67,6
Cataluña	9.017.200	26,6	4,7	10.089.175	27,2	1,6	89,4
Comunitat Valenciana	3.227.455	9,5	-13,9	3.153.393	8,5	-9,4	102,3
Extremadura	288.407	0,8	9,6	208.363	0,6	3,6	138,4
Galicia	2.635.893	7,8	4,8	1.772.265	4,8	-20,2	148,7
Madrid (Comunidad de)	4.423.550	13,0	-1,3	8.037.818	21,7	-12,3	55,0
Murcia (Región de)	1.222.938	3,6	-10,0	1.100.960	3,0	-40,3	111,1
Navarra (Comunidad Foral de)	1.000.079	2,9	4,4	641.172	1,7	-11,9	156,0
País Vasco	2.826.987	8,3	-13,5	2.470.626	6,7	-5,1	114,4
Rioja (La)	197.167	0,6	3,1	161.090	0,4	11,7	122,4
Ceuta	299	0,0	-83,7	34.033	0,1	-14,8	0,9
Melilla	194	0,0	-75,0	2.475	0,0	92,7	7,9
Sen determinar	350.163	1,0	23,5	207.328	0,6	13,1	168,9

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Taxa de cobertura = exportacións/importaciónsx100

COMERCIO EXTERIOR POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. XANEIRO-MAIO 2023. AVANCE DE DATOS

Comunidade Autónoma	Exportacións/Expedicións			Importacións/Introducións			Taxa de cobertura (%) ⁽¹⁾
	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	Miles de euros	% total	Variación igual período ano anterior (%)	
TOTAL	165.968.708	100,0	6,4	180.033.866	100,0	-1,4	92,2
Andalucía	17.117.131	10,3	-6,2	17.361.113	9,6	-5,9	98,6
Aragón	6.989.729	4,2	3,9	7.826.020	4,3	35,8	89,3
Asturias (Principado de)	2.730.121	1,6	8,0	2.613.688	1,5	-10,4	104,5
Balears (Illes)	1.036.140	0,6	1,0	691.199	0,4	9,5	149,9
Canarias	950.359	0,6	-23,7	1.710.195	0,9	11,3	55,6
Cantabria	1.436.635	0,9	-3,2	1.144.870	0,6	-8,1	125,5
Castilla y León	6.964.520	4,2	18,9	6.518.502	3,6	20,9	106,8
Castilla-La Mancha	4.100.043	2,5	2,4	6.111.599	3,4	13,7	67,1
Cataluña	43.824.762	26,4	15,0	47.931.948	26,6	5,3	91,4
Comunitat Valenciana	16.725.346	10,1	1,4	14.997.702	8,3	-7,5	111,5
Extremadura	1.185.835	0,7	10,8	980.333	0,5	9,9	121,0
Galicia	12.312.526	7,4	6,1	8.714.842	4,8	-16,0	141,3
Madrid (Comunidad de)	23.506.037	14,2	8,6	40.525.587	22,5	-8,6	58,0
Murcia (Región de)	6.108.204	3,7	2,4	6.112.232	3,4	-18,1	99,9
Navarra (Comunidad Foral de)	4.517.868	2,7	-1,7	3.053.724	1,7	0,2	147,9
País Vasco	14.198.636	8,6	6,5	11.833.678	6,6	2,6	120,0
Rioja (La)	962.965	0,6	16,8	786.642	0,4	6,6	122,4
Ceuta	5.108	0,0	-53,7	152.244	0,1	9,1	3,4
Melilla	1.414	0,0	-86,7	16.334	0,0	190,6	8,7
Sen determinar	1.295.329	0,8	8,5	951.413	0,5	-0,5	136,1

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

(1) Taxa de cobertura = exportacións/importaciónsx100

Notas metodolóxicas

A información do comercio exterior de Galicia provén de rexistros administrativos do "Departamento de Aduanas e Impuestos Especiales" da "Agencia Estatal Tributaria", que recollen mensualmente as operacións de comercio exterior de bens que se producen en España. Este rexistro administrativo, para o comercio con terceiros países, ten como base a Declaración de despacho en Aduana (DUA ou Documento Único Administrativo). Para o comercio intracomunitario, dende o ano 1993, non existen fronteiras entre os países que integran a Unión Europea nin, polo tanto, formalidades aduaneiras. Polo tanto, en xeral, estableceuse a obriga por parte dos operadores económicos de formalizar a Declaración estatística Intrastat, que recolle as correspondentes operacións intracomunitarias. Esa declaración constitúe a base para a obtención dos datos estatísticos do comercio entre os Estados membros.

Na estatística de comercio exterior e intracomunitario preséntanse os seguintes fluxos:

Expedicións: comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido ao resto da UE (excluindo o resto de España).

Exportacións: comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido a países que non forman parte da UE.

Introducións: comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal do resto da UE (excluindo o resto de España) é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Importacións: comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal de países que non forman parte da UE é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Para as definicións das áreas utilízase a xenomnclatura elaborada por Eurostat.

Os datos deste informe proveñen da información subministrada polo "Ministerio de Industria, Comercio y Turismo" na súa páxina web.

Para máis información:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/notasExplicativas/nota_explicativa_comercio_exterior_gl.pdf